



## O Parlamento de Galicia colabora coa Xunta e a USC na elaboración dun *Código de dereito galego* consolidado e en liña

- O material resultante publicárase na web e será de acceso gratuito
- Permitirá acceder a toda a normativa autonómica, desde o comezo da Autonomía ata a actualidade

**Santiago, 27 de decembro de 2013.-** O Parlamento de Galicia colaborará coa Xunta de Galicia e coa Universidade de Santiago de Compostela na elaboración dun *Código de dereito galego* consolidado e en liña, que se publicará en Internet e será de acceso gratuito para todos os interesados.

O compromiso está recollido nun convenio de colaboración asinado recentemente entre o Parlamento de Galicia, a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, a Universidade de Santiago de Compostela e a Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia.

No marco desta iniciativa de colaboración, o Parlamento de Galicia comprométese a colaborar na elaboración do *Código de dereito galego* proporcionando a infraestrutura e os recursos que podan ser precisos, facilitando o acceso aos seus fondos e arquivos documentais en materia lexislativa e poñendo a disposición do proxecto os seus servizos xurídicos e lingüísticos.

### **Toda a normativa autonómica**

O *Código de dereito galego* abranguerá toda a normativa autonómica, desde o comezo da Autonomía ata a



actualidade. Inclúiranse todas as leis e decretos así como outras normas de rango inferior que conteñan información relevante. O *Código* integrarase nun portal xurídico, tamén en elaboración, que conterá outra información de interese para o traballo diario dos profesionais do dereito, con enlaces a outras bases de datos e boletíns oficiais e con novas sobre a actividade legislativa autonómica e estatal.

Saúdos, Gabinete de Comunicación do Parlamento de Galicia.